



CONCELLO
DE MORAÑA

BANDO

**DONA MARÍA LUISA PIÑEIRO ARCOS, ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE MORAÑA.**

FAI SABER:

Que a **Deputación Provincial** en colaboración co **Concello de Moraña** aprobou a concesión do “Obradoiro lúdico-termal para persoas con discapacidade motora de calquera etioloxía” subvencionada ao abeiro do **Plan Concellos 2018-2019**.

O Obradoiro consistirá na realización dun circuío lúdico-termal a través dos baños nas piscinas termais, como medida preventiva e paliativa co fin de mellorar a calidade de vida, autonomía e mobilidade das persoas residentes no Concello de Moraña que presentan algún tipo de deficiencia motora de calquera etioloxía.

REQUISITOS:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Moraña.
- Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e un informe médico coa debida prescrición facultativa que acredite que presenta algún tipo de deficiencia motora de calquera etioloxía.
- Non padecer enfermidades incompatibles coa actividade do obradoiro.
- Carecer de contradición médica para poder recibir os tratamentos de balneario.

O obradoiro terá **carácter gratuíto** e será levado a cabo nas **Termas de Cuntis** dende o día **15 ó 26 de outubro de 2018**, pola tarde en horario de **17 a 19 horas**.

A participación no Obradoiro será por orde de presentación de solicitudes ata acadar o número de prazas total concedidas.

Os interesados/as deberán entregar as solicitudes xunto coa documentación correspondente no Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Moraña.

O PERÍODO DE INSCRICIÓN COMEZA O 27 DE SETEMBRO E REMATARÁ O 8 DE OUTUBRO DE 2018.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña, 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

MARIA LUISA PIÑEIRO ARCOS (1 para 1)
A Alcaldesa
Data de Sinatura: 24/08/2018
HASH: f150aaad205eae9dd042ba7ab01209b93f



Cod. Validación: 924NKEM5JFENTSKL76LY74NAX | Corrección: http://morana.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1